



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 25 de setembro de 2019.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª electricista e dun oficial de 1ª carpinteiro, a tempo completo (100% xornada) por un período de doce meses a través do programa Fomento do Emprego 2019 da Excma. Deputación Provincial.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión dun oficial de 1ª electricista e dun oficial de 1ª carpinteiro, persoal laboral temporal a través do programa Fomento de Emprego da Excma. Deputación Provincial, a xornada completa (100%), cunha duración de doce (12) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 12 de agosto de 2019, e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 212, do 14 de setembro de 2019.

Analizada a única solicitude presentada para o proceso selectivo, concretamente para o posto de oficial de 1ª electricista, e tendo en conta que cumpre cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

- OFICIAL 1º ELECTRICISTA

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Díaz Díaz, José Pablo	33.551.173-S	Sí

- OFICIAL DE 1ª CARPINTEIRO

Non se presenta ningún candidato.

SEGUNDO.- Declarar deserta a praza de oficial de 1ª carpinteiro á vista de que non se presentou ningunha solicitude quedando pendente de nova convocatoria.





Concello de Ribeira de Piquín

TERCEIRO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Mario López Iglesias, Operario de Servizos Múltiples do Concello de A Pastoriza (Lugo).

Vogais:

D^a. Mónica Lamas Beceiro, Técnico en Orientación Laboral do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

D^a. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

D^a. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Juan Hernando Rosa Ruiz, ou membro en quen delegue que actuará con voz pero sen voto.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 30 de setembro de 2019, ás 09:30 horas no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 10:00 horas do día 30 de setembro de 2019. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederase seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico, por parte dos aspirantes que acadasen a nota mínima fixada nas bases para a superación do mesmo.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 25 de setembro de 2019.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

